



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Prácticas externas		Código	760482016
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Garcia Nuñez, Moises Alberto		Correo electrónico	moises.alberto.garcia@udc.es
Profesorado	Avecilla Porto, Fernando Francisco		Correo electrónico	fernando.avecilla@udc.es
	Beceiro Gonzalez, Maria Elisa			elisa.beceiro.gonzalez@udc.es
	Calvo Rolle, Jose Luis			jose.rolle@udc.es
	Castro Pastor, Avelino			avelino.castro.pastor@udc.es
	Couce Casanova, Antonio			antonio.coucec@udc.es
	Fernandez Feal, Maria Mercedes del Coro			coro.ffeal@udc.es
	Filgueira Vizoso, Almudena			almudena.filgueira.vizoso@udc.es
	Fraguela Díaz, Feliciano			feliciano.fraguela@udc.es
	Garcia Nuñez, Moises Alberto			moises.alberto.garcia@udc.es
	Gonzalez Filgueira, Gerardo			gerardo.gonzalez@udc.es
	Louro Rodríguez, Julio			julio.louro@udc.es
	Reig Botella, Adela Milagro			adela.reig@udc.es
	Riveiros Santiago, Ricardo			ricardo.riveiros@udc.es
	Rodríguez García, Juan de Dios			de.dios.rodriguez@udc.es
	Rodríguez Gómez, Benigno Antonio			benigno.rodriguez@udc.es
	Villa Caro, Raul			raul.villa@udc.es
Zaragoza Fernandez, Maria Sonia		sonia.zaragoza1@udc.es		
Web	www.fct.udc.es			
Descrición xeral	O desenvolvemento das Prácticas Externas terá como finalidade a posta en práctica polos alumnos dos coñecementos, destrezas e habilidades adquiridos ao longo do Máster. Consiste na realización de prácticas mediante un sistema de permanencia regulada nunha empresa, organismo ou institución administrativa, económica ou profesional, de carácter público ou privado así como na elaboración dunha memoria na que se plasme a experiencia da realización das mesmas. As prácticas teñen como obxectivo fundamental complementar a formación teórica dos estudantes e facilitar a súa inserción no mundo laboral. Permitirán a asimilación por parte dos estudantes da realidade institucional e empresarial da súa contorna no ámbito das súas respectivas profesións futuras cos seguintes fins, en particular: Formación integral no ámbito de estudo do título, equilibrando a formación teórica e a práctica. Adquisición das competencias propias do título. Obtención de experiencia profesional que facilite a empleabilidade e a inserción máis adecuada no mercado laboral. Desenvolvemento da capacidade de decisión, do espírito crítico e da capacidade de traballo en equipo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



	AP1	BP1	CM1
	AP2	BP2	CM3
	AP3	BP3	CM4
	AP4	BP4	CM5
	AP5	BP5	CM6
	AP6		CM7
	AP7		CM8
	AP8		
	AP9		
	AP10		

Contidos	
Temas	Subtemas
ASIGNACIÓN DAS EMPRESAS / INSTITUCIONES.	As prácticas regularanse polos convenios asinados entre a Universidade e as institucións ou empresas que colaboren na formación dos alumnos. Corresponderá ao coordinador do Mestrado a asignación da empresa / institución na que cada alumno desenvolverá as prácticas. En todo caso, para a selección dos estudantes terase en conta criterios, tales como, rendemento académico no máster (cualificacións académicas, asistencia ás aulas...), preferencias de especialización, demandas das empresas ou institucións receptoras, estudos previos, xornada e horario de traballo, lugar de residencia... Se o coordinador estima necesario, manterá, ademais, unha entrevista persoal previa co alumno.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Resumo		0	1	1
Prácticas de laboratorio		148	0	148
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Resumo	Ao finalizar as prácticas na correspondente empresa / institución, cada alumno, de forma individual, elaborará e entregará ao titor académico unha Memoria Final descritiva e explicativa do seu desenvolvemento. Para iso utilizarase o modelo establecido pola Universidade. Para a elaboración desta Memoria Final o alumno poderá acudir, no horario prefijado, á tutoría personalizada co seu titor académico. Só poderán presentar a Memoria Final os alumnos que realizasen a porcentaxe mínima obrigatorio das prácticas (80 por 100 do tempo total asignado).



Prácticas de laboratorio	As prácticas nas empresas ou institucións efectuaranse no horario prefixado e consistirán na realización das tarefas asignadas a cada alumno e que estarán relacionadas cos coñecementos teóricos adquiridos no Mestrado. Será obrigatorio asistir ao 80 por 100 das horas presenciais. A Universidade e a empresa ou institución receptora nomearán senllos titores de prácticas para o seguimento da aprendizaxe do alumno. O titor na empresa ou institución, que deberá posuír a cualificación ou experiencia profesional adecuada, encargarse do seguimento do proceso formativo na mesma, propulsará a realización das prácticas e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación, segundo o modelo establecido pola Universidade. O titor académico terá a misión de garantir o correcto desenvolvemento das prácticas, dar resposta ás expectativas formativas establecidas e informar en primeira instancia sobre a Memoria Final de prácticas.
--------------------------	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resumo Prácticas de laboratorio	Consultas con ambos titores.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Resumo		Memoria de prácticas	20
Prácticas de laboratorio		Informe do titor profesional	80

Observacións avaliación
O titor académico avaliará numericamente as prácticas desenvolvidas, cumprimentando o correspondente informe de valoración final que deberá ter en conta o seguimento levado a cabo, o informe do titor profesional e a memoria final entregada polo estudante. O réxime de cualificación será o mesmo que para as restantes materias. Para outorgar a mención de Matrícula de Honra, en caso de existir máis estudantes coa máxima cualificación numérica que posibles M.H. nesa oportunidade, reunirse a Comisión de Organización Académica que terá en conta os mesmos méritos comentados anteriormente. No caso de que o estudante non completase no lugar onde se realizan as prácticas, e a plena satisfacción do titor, o 80% polo menos, das horas establecidas, emitírase informe final desfavorable de ditas prácticas e cualificación de "non presentado" na materia "Prácticas Externas". Igualmente se transcorrido o prazo sinalado polo coordinador do mestrado, o estudante non entregase a Memoria Final das prácticas, emitírase informe final desfavorable de ditas prácticas e cualificación de "non presentado" na materia de Prácticas Externas. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de "suspense" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Fundamentos das técnicas de mellora das condicións de traballo/760482001

Técnicas de prevención de riscos laborais.Seguridade no traballo./760482002

Técnicas de prevención de riscos laborais.Hixiene industrial./760482003

Técnicas de prevención de riscos laborais.Medicina do traballo. Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada./760482004

Xestión. planificación e auditorias da prevención de riscos laborais./760482006

Ámbito xurídico da prevención/760482008

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Formación. información e negociación en materia de prevención de riscos laborais./760482005

Técnicas afíns/760482007

Protección civil e xestión de emerxencias/760482009

Seguridade no traballo en sectores económicos estratéxicos/760482010

Seguridade das instalacións/760482011

Axentes físicos/760482012

Axentes químicos e biolóxicos/760482013

Xestión dos riscos ergonómicos/760482014

Xestión dos riscos psicosociais/760482015

Materias que continúan o temario

Traballo de fin de Mestrado/760482017

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: 1.1. Solicitarse en formato virtual e/ou soporte informático 1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos 1.3. De se realizar en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores. 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural 3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais 4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?) 5.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade 6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas 7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías